

RESOLUCIÓN REITORAL DE CONCESIÓN DIRECTA DE BOLSAS A ESTUDANTES DE MÁSTER UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2024/2025 EN VIRTUDE DO CONVENIO ASINADO COA FUNDACIÓN MUJERES POR AFRICA

A Axenda 2030 recolle entre os seus obxectivos a consecución de sociedades máis pacíficas e seguras a través do cambio institucional e a innovación social. A Universidade de Vigo e a Fundación “Mujeres por África”, comprometidas cos obxectivos da Axenda 2030, teñen asinado un convenio para a formación de estudantes e investigadoras africanas, dirixido a fomentar a transferencia de coñecemento e a capacitación das mulleres dese continente que, tras complementar a súa formación no noso país, regresan aos seus lugares de orixe en beneficio das súas comunidades, contribuíndo así ao avance das sociedades africanas.

Visto o Convenio subscrito pola Universidade de Vigo e a Fundación Mujeres por África para a colaboración no programa de becas Learn Africa para estudantes e investigadoras junior africanas en universidades españolas,

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

Esta Reitoría resolve conceder con carácter excepcional en réxime de concesión directa, en atención ao interese público e social do seu obxecto, 2 bolsas de acordo co disposto na *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, e coas seguintes bases:

1. Obxecto.

Estas bolsas teñen por obxecto contribuír a financiar o custo da estadía na Universidade de Vigo para cursar titulacións de Máster universitario no curso 2024/2025 a mulleres procedentes do continente africano.

Concédense 2 bolsas.

2. Procedemento de concesión.

A bolsa regulada nesta Resolución Reitoral ten carácter singular, polo que se autoriza a súa concesión directa en aplicación do previsto nos artigos 22.2.c) e 28 da *Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, por concorrer razóns de interese público e social.

Os requisitos que se teñen en conta son:

- Ser muller e ter a nacionalidade dalgún país de África.
- Estar en posesión dun título académico universitario que permita o acceso aos estudos do máster universitario.
- Ter formalizado á solicitude de bolsa a través da web [da fundación](#) nos prazos establecidos na convocatoria e achegar a documentación esixida.

A selección foi efectuada pola comisión académica do máster universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental de acordo cos seguintes criterios:



- Nota media do expediente da titulación de acceso: ata 5 puntos
- Currículo académico no que se avaliará a formación previa, idiomas, estadias noutros países, mobilidade, experiencia profesional...: ata 5 puntos

Serán beneficiarias desta subvención as alumnas:

- **Hassnae Ezzair** de nacionalidade marroquí e alumna do máster universitario de Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental.
- **Radegunda Eyenga Abula andeme**, de nacionalidade Guineana e alumna do máster universitario de Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental.

Para acceder á condición de beneficiaria será imprescindible presentar, no prazo de cinco días hábiles a contar desde a súa chegada a localidade de estudos os datos da conta bancaria en España na que será ingresada a contía da bolsa, da que deberá ser titular. No caso de non presentar a documentación entenderase que renuncia a subvención.

Non poderá ter a condición de beneficiaria a persoa na que concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3. Dotación, contía e pagamento.

1. O importe total desta acción ascende a un máximo de 22.000 €, con cargo a aplicación orzamentaria:
 - 2024 0000 121D 482.10: 11.000 €
 - 2025 0000 121D 482.10: 11.000 €
2. O importe da bolsa para cada beneficiaria será como máximo de 11.000 € co que se cubrirá o custo de:
 - Importe dos prezos públicos de matrícula, equivalencia de estudos estranxeiros, título oficial e certificación académica persoal.
 - 500 € que serán aboados mensualmente, desde setembro de 2024 ata o mes de xuño de 2025.
 - Gastos dunha viaxe de ida e volta desde o seu país de orixe, seguro de asistencia sanitaria e gastos de aloxamento na residencia universitaria ata o esgotamento do crédito previsto.
 - Curso de español e galego
3. O pagamento dos prezos públicos realizarase mediante o procedemento de pago en formalización para aqueles estudantes que teñan importes de matrícula pendentes de aboar.

O pagamento da contía mensual efectuarase ao inicio de cada mes mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.



No caso dos gastos de viaxe, seguro e aloxamento trátase dunha axuda en especie cuxa contratación someterase á Lei de contratos do sector público segundo establece a disposición quinta da Lei xeral de subvencións.

4. Incompatibilidades.

A bolsa é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para o mesmo fin.

5. Obrigas das persoas beneficiarias

As adxudicatarias da bolsa quedarán obrigadas:

- a participar nas actividades académicas ao longo de todo o curso, entendendo como tales a asistencia presencial a clase, a realización das probas e exames das materias nas que se atopan inscritas e a participación responsable nas demais actividades orientadas a completar a súa formación.
- Entregar unha memoria sobre a experiencia persoal e académica, co informe favorable da persoa coordinadora do mestrado, no prazo de unha semana desde que remata o curso.
- No caso de solicitar algunha outra subvención para a mesma finalidade deberá comunicalo á Sección de Axudas e Bolsas.

As persoas beneficiarias deben cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións*, que lles sexa de aplicación.

6. Reintegro da axuda e perda do dereito de cobro total ou parcial

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

7. Transparencia

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.



8. Protección de datos

Os datos persoais recollidos no expediente de tramitación teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da formación, así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade.

Información sobre a política de protección de datos en

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En Vigo na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboveda Morillo



CSV : GEN-8476-bcee-1455-cef4-ed9c-e46b-95a6-4f7a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOVEDA MORILLO | FECHA : 12/09/2024 16:04 | NOTAS : F